

# Áreas mariñas Protexidas

22 MARZO – 15 ABRIL 2018

EXPOSICIÓN ITINERANTE



MUSEO MAN  
de camelle

Comprometidos por continuar difundindo os valores que defendía **Manfred Gnädinger**, con esta exposición queremos achegar o incuestionable patrimonio, tanto natural como cultural, que atesouran as áreas mariñas.

Durante séculos os seres humanos vimos servíndonos sen miramentos dos recursos que o mar nos ofrece, tanto extraendo alimentos e materiais, como aproveitándonos do seu "ilimitado" poder de asimilación de residuos (vertidos, mareas negras, produtos químicos, etc.). Ao principio, a degradación das augas foi lenta e silenciosa. Hoxe alcanzou unha magnitude alarmante. Nos últimos anos unha gran variedade de acordos a escala internacional veñen recoñecendo a necesidade de protexer os ecosistemas mariños. Na actualidade as Áreas Mariñas Protexidas (AMPs) son unha das principais ferramentas de xestión das pesqueiras, ao que se engade a súa importancia na conservación da biodiversidade.

#### Obxectivos:

- » Sensibilizar á poboación en xeral arredor da importancia do mar e do litoral como patrimonio esgotable e recurso espiritual, cultural e económico.
- » Dar a coñecer a figura das Áreas Mariñas Protexidas como eficaz estratexia de conservación do mar e o litoral.
- » Sinalar o papel que cada un de nós, cidadáns de todas as idades, pode xogar á hora de inclinar a balanza cara á conservación, ou non, do mar.

#### Actividades:

Fichas con contidos e actividades educativas para traballar o tema con rapazas e rapaces de entre 6 e 15 anos.

Reserva o teu día e hora: [museodoman@camarinas.net](mailto:museodoman@camarinas.net) – Telf. 665 133 864